

unha obra
de
ARRABAL x **ARTELLO**

## A OBRA

"O teatro de Arrabal ríse de todo porque tómase en serio o esencial" (Max Aub).

Nó PIC-NIC as figuras dós dous soldados nemigos apreséntansenos tan iguales que poderían sé-lo mesmo persoaxe. Esto fainos pensar nunha guerra de irmáns, ou, por que non, ná guerra civil española. A inocencia, a inxenuidade dá visita dós pais-Sr. e Sra. Tepán-ó seu fillo ZAPO no frente, explica por así deci-lo que esa guerra non é sua e que nunca se sinten comprometidos con ela: "Nos non viñemos ó frente pra face-la guerra, somentes queremos pasar un día de campo contigo...", dí o señor Tepán. E mais adiante a Sra. Tepán: "Tanta guerra tenche que aborrecer". Os propios soldados non saben por que están a combater. Botando man dún análise feito por Irmgard Zeyss Anderson diríamos que foron inxenuos e coitados dabondo pra deixarse levar a un combate por un cabaleiro que non ofrece explicación algunha. Manipulación crara pola banda dós que tiran proveito dá guerra, que faise evidente ná figura dós camilleiros frustrados por non atoparen cadavres, ante o intento de axuda ó que se presta a familia.

Arrabal amósanos en ZAPO e ZEPO a soedade humán que ven dada dende as frases primeiras de Zapo, ó pedirlle ó capitán que lle mande un compañeiro.

A solución final apresentada polo señor Tepán prá dete-la guerra adoece de efeitividade por ser unha solución individual. En canto bailan ó seu próximo "exito formidabre", a guerra faise presente, deixandoos ironicamente impotentes pra levaren a cabo o seu plan.

Dá obra de Arrabal dí Vicente Aleixandre: "A apelazón que o seu escеario fai á responsabilidade humán, está convocada dende unha subversión cerdadeiramente dramática".

E pra rematar, PIC-NIC é, pois, non só unha expresión de carraxe, senón tamén, unha adevertenza a quenes recuden a violencia, e lembranza ós sobrevivintes pra que cumpran a misión de paz que lles cederon, tan involuntariamente, os mortos.

## ARTELLO

Traballando como grupo independente dende fai 2 anos (1977) montou:

| | |
|---|---|
| **"Amores e crimens de Xoan Panteira"** | *E. Blanco Amor* |
| **"Romance de Micomicon e Adhelala"** | *E. Blanco Amor* |
| **"Viaxe do País de Ningures"** | *M. Lorenzo* |
| **"Morte e Vida Severina"** | *J. C. M. N.* |
| **"Tarará-Chispun"** | *Colectivo (en repertorio)* |

E agora encara a profesionalidade co montaxe da obra do F. Arrabal.

**"PIC-NIC"**

FICHA TECNICA

| | |
|---|---|
| Zapo | – *Manuel Pombal* |
| Zepo | – *Antonio Durán* |
| Sr. Tepan | – *Ernesto Chao* |
| Sra. » | – *María Xosé González* |
| Camilleiros | – *Manuel Nantes-Ramón Rodríguez* |

| | |
|---|---|
| Dirección | – *Ramón Rodríguez* |
| Iluminación | – *Manuel Nantes* |
| Música | – *Manuel Nantes-Ramón Rodríguez* |
| Ecenografía | – *Ramón Rodríguez-Guillermo Steinbrüggen* |

Agradecemos a colaboración de: **GUILLERMO - ANXELA - KLAUS**

PARA CONTACTOS:
GRUPO ARTELLO (Sala Carral)
CARRAL, 18 baixo – **VIGO**
Teléf. 23 42 10 (María) polas mañás